

Concello de Viveiro

EXPTE.- 1674/2024

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do xoves, 14 de marzo de 2024 Núm. 062, publícase a convocatoria de un programador e responsable de mantemento informático e ofimática con carácter temporal mediante a modalidade de funcionario interino e por un **procedemento de urxencia**, segundo o disposto no artigo 33 da LPACAP, atendendo á razón de interese público de necesaria cobertura con urxencia da praza, toda vez que se atopa vacante e o Concello de Viveiro, co volume administrativo existente, non conta con máis prazas que poidan encargarse do mantemento informático e ofimático que resulta imprescindible para o funcionamento normal dos servizos administrativos, no referido departamento prioritario do Concello.

Vistas as bases xerais, específicas e anexo que regulan, para o ingreso como persoal funcionario interino por vacante de programador e responsable de mantemento informático e ofimático polo sistema concurso-oposición, acceso libre.

Vista a Base Xeral 9.1 e 9.2, que sinalan "(...)**Designación e composición do Tribunal**.

O Tribunal cualificador estará integrado por 5 membros titulares e suplentes (que poderán actuar indistintamente), será nomeado e citado para a súa constitución por Resolución de Alcaldía do Concello de Viveiro, publicándose a Resolución da Alcaldía no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital para xeral coñecemento e para que as persoas aspirantes poidan formular recusación.

Composición:

a) Un/ha Presidente/a.

b) Catro vogais. O/A Secretario/a será unha das persoas designadas vogais.

O/A secretario/a, redactará a acta de cada sesión que se celebre.

A composición acomodarse ao establecido no artigo 60 do TREBEP polo que se tenderá a paridade entre mulleres e homes; non poderán formar parte persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino e/o persoal eventual; sendo a pertenza aos órganos de selección a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

O Tribunal de selección deberá axustar a súa actuación aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, así como a normativa en materia de acceso ao emprego público.

Estará composto por persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, debendo pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

9.2. Incorporación de persoal asesor e colaborador.

O Tribunal cualificador poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor naquelas probas que demanden oír a opinión de persoal técnico especialista, e /ou de colaboración nas tarefas de apoio no desenvolvemento do proceso selectivo, que terán voz pero non voto..."

Vista a Base Xeral 9.4, que sinala "(...)**Constitución do Tribunal**.

O Tribunal constituirase en sesión de constitución nun prazo máximo de 15 días hábiles dende a publicación do nomeamento dos seus membros.

Para a válida constitución do Tribunal, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requirirase a concorrencia da metade, polo menos, dos seus membros (titulares ou suplentes), de acordo co artigo 17.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, con presenza en todo caso das persoas que exerzan a presidencia e a secretaría..."

Vista a Base Xeral 10.1.4, que sinala "(...)**Citación para a realización dos exercicios**.

Mediante Resolución da Alcaldía do Concello de Viveiro, citarase aos membros do Tribunal e ás persoas aspirantes admitidas para a realización dos exercicios da fase de oposición, que deberá publicarse no Taboleiro de Anuncios dixital, no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal.

A citación para a celebración dos exercicios realizarase na web municipal, no taboleiro de anuncios dixital e taboleiro físico así como no local de celebración do primeiro exercicio..."

Vista a Base Xeral 11, que sinala: "(...)**CUALIFICACIÓN FINAL**.

A cualificación do proceso selectivo virá dada polo resultado da suma das puntuacións obtidas na fase de oposición (máximo 60 puntos; mínimo 30 puntos) e na fase de concurso (pola puntuación en experiencia e



Concello de Viveiro

noutros méritos, ata un máximo de 40 puntos) sen que o total poida superar os 100 puntos...”

Vista a Base Xeral 12.1, que sinala: “(...) **Relación das persoas seleccionadas e proposta do Tribunal.**

O Tribunal elaborará a relación de persoas seleccionadas por orde de puntuación, non podendo, en ningún caso, aprobar ou declarar que superaron o proceso selectivo un número de persoas aspirantes superior ao das prazas convocadas, realizando o/a Presidente/a do Tribunal a proposta de nomeamento ou contratación ante a Alcaldía.

Calquera proposta de persoas seleccionadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito...”

Vista a Resolución de Alcaldía de data 04 de abril de 2024 relativa a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que sinala:

“(...) Aprobar a seguinte lista ao proceso selectivo de programador e responsable de mantemento informático e ofimático, **con carácter de lista definitiva de admitidos/as:**

A) ADMITIDOS:

Nº	Apelidos e Nome	Proba de galego
1	ALONSO PÉREZ PABLO	EXENTA
2	FERNÁNDEZ ARMESTO MIGUEL	NON EXENTA
3	GARCÍA LÁZARO MIGUEL	EXENTA
4	GARCÍA LOMBARDIA, IVÁN	EXENTA
5	PAZ MAZOY MIGUEL ANGEL	EXENTA
6	VALE BALTAR JOSE MANUEL	NON EXENTA
7	VÁZQUEZ PAJÓN YOLANDA	NON EXENTA

B) EXCLUÍDOS:

Nº	APELIDOS E NOME	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
1	DÍAZ LANDROVE SANTIAGO	<p>Non acredita, xunto coa documentación presentada estar en posesión da titulación académica esixida (Base Xeral ptos. 4 b) e 6 c) “(...)</p> <p>b) Copia da titulación académica esixida nas presentes Bases do posto para o que se convoca o presente proceso selectivo, ou documentación acreditativa de estar en condicións de obtela, chegando neste caso, certificación académica de que se realizaron todos os estudos para a súa obtención xunto co recibo acreditativo de ter efectuado o pago correspondente dos dereitos de expedición. “(...) Formación Profesional de grao medio da familia profesional de informática e comunicación da LOE ou LOGSE, FP de grao superior da familia informática e comunicación da LOE ou LOGSE, en Universidad públicas ou privadas...”</p>

Esta lista con carácter de definitiva publicarase na web municipal e taboleiro de anuncios físico do Concello...”

RESOLVO

PRIMEIRO.- Nomear aos membros do Tribunal que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE/A:

Titular: Dona Pilar Ferreiro Martínez, técnica de xestión da Sección de Administración de RRHH da



Concello de Viveiro

Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

VOGAIS:

Titular: Don Nicolás Fariña Vereá, enxeñeiro informático, adxunto xefe Servizo Comunicación e TICs, na Sección de Novas Tecnoloxías da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Diego Rodríguez Albardonedo, enxeñeiro técnico de telecomunicacións da Sección de Novas Tecnoloxías da Deputación de Lugo.

Titular: Don Luis Gil Díez, técnico superior administración sistemas informáticos en rede na Sección de Novas Tecnoloxías do Servizo comunicación e TICs da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Marcos Romero Villamor, auxiliar colaborador tecnoloxías da información, na Sección de Novas Tecnoloxías da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Beatriz Losada López, xefa do Negociado de contabilidade Informática e Recadación da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Isabel López Ferreiro, xefa da Unidade de Apoio e Xestión Administrativa Recadación da Deputación de Lugo.

SECRETARIA/O:

Titular: Dona Montserrat Conde López, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

COLABORADORA: Dona Ana Pereira Marzán -responsable-coordinadora procesos selectivos, na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

SEGUNDO.- Citar aos membros do Tribunal para que comparezan nas Aulas de Formación da Deputación de Lugo o **Luns día 22 de abril de 2024, ás 09:00 horas**, para a súa constitución.

TERCEIRO.- Citar aos membros do Tribunal para que comparezan na **Sala Multiusos do Concello de Viveiro** sito en **Praza Maior, s/n, o Xoves día 25 de abril de 2024, aos efectos de realizar a proba de galego, primeiro e segundo exercicio da fase de oposición.**

CUARTO.- Citar aos aspirantes admitidos, para que comparezan na Sala Multiusos do Concello de Viveiro o Xoves día 25 de abril de 2024 ás 10:00 h., aos efectos de realizar o primeiro exercicio da fase de oposición do proceso selectivo.

QUINTO.- Citar aos aspirantes que superaran o primeiro exercicio da fase de oposición, para que comparezan na Sala Multiusos do Concello de Viveiro o Xoves día 25 de abril de 2024 á continuación do primeiro exercicio ás 11:00 h., aos efectos de realizar o segundo exercicio da fase de oposición do proceso selectivo.

SEXTO.- Citar aos aspirantes D. Miguel Fernández Armesto, D. Jose Manuel Vale Baltar e a Dna. Yolanda Vázquez Pajón admitidos que figuran na lista definitiva na que se indica **"NON EXENTA"**, da realización da proba de galego, a acudir o **xoves día 25 de abril de 2024 ás 12:15 h.** na sala multiusos deste Concello para a realización da proba de galego a continuación do segundo exercicio.

Contra as decisións adoptadas polo Tribunal de selección caberá a interposición de recurso de alzada ante a Alcaldía, (órgano que nomea ao referido Tribunal), segundo o disposto no artigo 121 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.





Concello de Viveiro

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante min, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018,

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

